

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A ITINERANCIA DA EXPERIENCIA DE REALIDADE VIRTUAL “HABITATS. NATUREZA ESTENDIDA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** formalizou o 20 de marzo de 2025 coa **Fundación Galicia Obra Social** o instrumento convencional arriba referido por unha duración ata 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto:**

A colaboración entre ambas institucións, para a exhibición pública da experiencia de realidade virtual **Hábitats. Natureza estendida** para a súa exhibición no centro de Afundacion de A Coruña durante o ano 2025.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar **se fundamenta** no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 2000/1.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación constitúe o seu obxecto social “*a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural*”.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.



Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a Fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun **actor clave na difusión cultural**, que serva de punto de encontro entre os e as cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar **un papel destacado** no proceso de **enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía**, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As que **fomenten a interrelación** e os proxectos en conxunto **entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas**, con especial énfase na **cooperación interrexional e a colaboración pública e privada**.*

Así mesmo, o **IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027** establece como principais obxectivos estratéxicos, entre outros;

OE1. Desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo;

Acción 1.2.3. Promotores externos.

Acción 1.3.2 Novos públicos

OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego

Acción 1.2.2 Produtores de contidos expositivos de calidade para espazos cultural de Galicia.

Acción 1.4.3 Descentralización (descentralizar a programación da Cidade da Cultura e afondar nas itinerancias das principais exposicións, remarcando o papel da CdC como comisaria destas).

Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado (promover a co-creación de proxectos compartidos, como unha aproximación creativa ás empresas e marcas para o deseño de proxectos personalizados que fagan coincidir os valores da Cidade da Cultura cos das empresas).



- OE 3. Impulsar os procesos de investigación, innovación e formación no sistema cultural galego.

Acción 1.7.2 Centro demostrativo TIC sector ICC (A dixitalización é un dos principais retos aos que se enfronta a industria cultural e creativa, e aínda que na Cidade da Cultura se desenvolven diversas actuacións no eido das TIC, son poucas as que se enfocan especificamente para o sector Cultural.)

Acción 1.8.2 Programa STEAM (Ofrecer á cidadanía e colectivos de ensino un programa de recursos pedagóxicos de calidade.)

En virtude do anterior, entre decembro de 2023 e maio de 2024, a Fundación contratou a creación artística e promoveu a exhibición pública do proxecto *Hábitats. Natureza estendida* no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia. Esta actividade é unha experiencia sensorial inmersiva que atravesa a diversidade de ecosistemas do planeta Terra, nunha viaxe polos cinco continentes. Combinando nunha única capa os mundos físico e dixital. *Hábitats* transporta ao visitante por nove destinos nos que poder convivir e interactuar con animais e plantas recreadas grazas ás tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada.

Do deserto de Sonora en Estados Unidos á Gran barreira de coral australiana, desde ao Mar de Weddell na Antártida á Cova de Ceza no Courel, entre outros, atopando na mesma aventura elefantes, tartarugas, baleas, axolotes e moitas outras especies ás que se ten o privilexio de observar de preto nos seus propios hábitats, grazas ás lentes de realidade virtual.

A experiencia é accesible a partir dos 9 anos de idade e está deseñada como unha experiencia inmersiva de realidade mixta, isto é, que combina compoñentes de realidade virtual e aumentada con escenografía e elementos ambientais.

Hábitats. Natureza estendida, proxecto creado pola Fundación a través de Carlos Seijo, ofreceu unha natureza inspiradora, transcendente e dun poder plástico vibrante, permitindo explorar de maneira segura lugares inaccesibles, facendo visible o invisible, e incluso traendo de novo á vida especies xa extintas. Unha nova e emocionante maneira de entender a complexidade inherente aos ecosistemas e á vida no noso planeta, así como a capacidade de influír neles que ten o ser humano.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (Afundacion) foi constituída en 2013 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da entidade.



Afundación foi clasificada de interese social e de fomento da economía produtiva de Galicia, por Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de decembro de 2013 (DOG do 18 de decembro), e declarada de interese galego por Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG de 19 de decembro).

Entre os fins estatutarios de Afundación encóntranse actuacións relativas ao apoio á cultura para cuxa consecución executará, potenciará e/ou propondrá, entre outras, as seguintes actividades: promoción do coñecemento, protección e axuda aos bens do patrimonio histórico e cultural de Galicia; impulsar e promover a difusión da arte mediante estudos, publicacións, exposicións e a investigación. Igualmente, fomenta o enriquecemento cultural a través de actividades propias de museos, bibliotecas, etc.

Afundación conta cunha longa traxectoria a prol da cultura e posúe en todo o territorio galego espazos onde difunde e organiza o seu programa cultural.

Afundación mantén e desenvolve unha importante actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, e dispón de salas expositivas onde se exhiben destacadas obras do patrimonio cultura de Galicia, tales como a **Sala de exposicións da sede Afundación de A Coruña** que conta con espazos expositivos en tres plantas que permiten tanto o desenvolvemento de calquera tipo de proxecto de mostra como a montaxe de stands e feiras .

Superficies:

Sala de exposicións plantas 1ª e 2ª: 305 m² / 105 metros lineais.

Sala de exposicións plantas 3ª: 106.00 m² / 45 metros lineais

Sala de exposicións polivalente planta -1

Espazo expositivo planta 0

A idoneidade desta sede para a exhibición de **Hábitats. Natureza estendida**, deriva, non so da capacidade espacial e tecnolóxica para facer fronte as necesidades de posta en funcionamento do proxecto, senón tamén do seu recoñecemento por parte da cidadanía galega, como grande contedor cultural, cunha actividade continua e moi relevante para Galicia.

Igualmente a localización desta sede nunha grande cidade que dispón de importantes nudos de comunicación e transportes, permitirá achegar a actividade a un maior número de visitantes.

Dispoñendo de medios óptimos para a exhibición da experiencia inmersiva e tendo en conta os seus obxectivos fundacionais, Afundación entende de interese poñer en valor un proxecto que vincula as novas tecnoloxías ao coñecemento da biodiversidade fomentando, especialmente nas futuras xeracións, a necesidade de preservación da vida no noso planeta.

Polo anterior, Fundación e Afundación, no convencemento da relevancia de achegar ao maior número de usuarios posibles o uso das novas tecnoloxías que contribúan ao



enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, especialmente no que respecta a preservación da vida no noso planeta, entenden necesaria a colaboración na difusión da actividade *Hábitats. Natureza estendida* no centro de A Coruña de titularidade de Afundación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

